

## Alumnado en idade de escolarización non obrigatoria

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	26 de xuño ás 9:00 horas ao 6 de xullo ás 13.00 horas
Publicación da listaxe provisional de solicitudes	10 de xullo
Reclamación á listaxe provisional de solicitudes	Do 10 ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 12 de xullo
Publicación da listaxe definitiva de solicitudes	24 de xullo
Publicación da adjudicación de prazas	24 de xullo
Matriculación das persoas con praza adjudicada	Desde o 24 de xullo

**Requisitos:** Este alumnado poderá acceder a prazas vacantes unha vez atendidas todas as solicitudes de alumnado de escolarización obrigatoria e sempre que:

- Cumpran 17, 18, 19 ou 20 anos no 2023
- Non estean en posesión dun título de formación profesional nin calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

**Lugar de presentación da solicitude:** No centro no que pretenda ser admitido.

### Documentación:

- Anexo I – Solicitude de admisión e matrícula na FPB (\*\*)
- Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade.
- Certificado de discapacidade, no caso de participar pola reserva para persoas con discapacidades e se de algunha das seguintes situacións:
  - Non autorizan a súa consulta dos datos relativos ao certificado de discapacidade en poder da Administración autonómica de Galicia
  - O órgano que emitiu o certificado non pertence á Administración autonómica de Galicia.

(\*) Logo de publicada a listaxe do alumnado admitido, os centros de destino comunicaranse con este alumnado, para realizar a correspondente matrícula.

(\*\*) O centro de destino no momento que recibe a solicitude, efectuará a carga na aplicación informática e obterá un resguardo da solicitude que deberá ser asinado polo alumno se é maior de idade, se é menor de idade deberá ser asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representante legal.

No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo a un deles. Neste caso será necesario presentar, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe.